



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000367

RESOLUCIÓN

ASUNTO: INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA: ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAIRO EN CORME (PONTECESO)

EXPEDIENTE:2019/G003/000367

ANTECEDENTES:

Para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta Alcaldía entende necesario proceder á execución das obras de ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAIRO EN CORME (PONTECESO), actuación incardinable nun contrato administrativo de obras, segundo o previsto no artigo 13, en relación co Anexo I da devandita norma.

Para ese efecto, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras de ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAIRO EN CORME (PONTECESO) cun orzamento de execución por contrata de 155.477,98 euros, IVE: 32.650,38 euros, total 188.128,36 euros.

SEGUNDO.- Dar traslado aos Servizos Técnicos municipais deste Concello co fin de que se proceda ao estudo e informe do proxecto de obra elaborado polo enxeñeiro técnico industrial Martín Lema Pose, colexiado número 2.343, no que se cuantifica o prezo do contrato, así como a proceder, no seu caso, á correspondente tramitación do expediente de contratación administrativa en función da consignación orzamentaria existente no Orzamento Municipal vixente, partida 2019.342.623.00.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o Concello de Ponteceso para poder executar a obra, para a que se conta co financiamento necesario.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000367

TERCEIRO.- Dar traslado á Secretaría municipal para que neste procedemento tipo de contratación se empreguen os pregos tipo aprobados pola Deputación da Coruña para as obras incluídas nos plans provinciais de obras polo procedemento aberto simplificado, e se emita o seu informe preceptivo, e á Intervención para a fiscalización previa do expediente.

CUARTO.- Publicar esta Resolución no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican á marxe.

(FECHA: 18/06/2019 16:46:00)

Emilio Cainzos Quintás

(FECHA: 18/06/2019 13:41:00)

FIRMADO POR Xose Lois García Carballido

Decreto Nº: 344/2019 - Fecha de decreto: 18/06/2019
Versión imprimible

CVD: NtCPK6czPjm+Ow2kjWY5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.